

PIERROT OTOLO

[Jean-Luc Godard, 1965]

182

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2016 | V.O.S.E. | +14

FICHA TÉCNICA

Pierrot le fou (1965, 110')

Dirección: Jean-Luc Godard

Guión: Jean-Luc Godard

Elenco: Jean-Paul Belmondo, Anna Karina, Dirk Sanders, Jean-Pierre L aud, Raymond Devos, Graziella Galvani, Laszlo Szabo, Samuel Fuller

Direcci n de arte: Philippe Fourasti , Jean-Pierre L aud

Son: Antoine Bonfanti, Ren  Levert

M sica: Antoine Duhamel

Fotograf a: Raoul Coutard

Montaxe: Fran oise Collin

Produtora: Georges de Beauregard, Rome Paris Films, Soci t  Nouvelle de Cin matographie (Francia), Dino de Laurentiis Cinematografica (Italia)

Distribuidora: Institut Fran ais, Alliance Fran aise

Formato de proxecci n: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Franc s

FILMOGRAF A SELECCIONADA

Adeus   linguaxe, 2014

Elogio del amor, 2001

Histoire(s) du cin ma, 1988

Aqu  y all , 1976

Weekend, 1968

Vivir su vida, 1962

Al final de la escapada, 1960

PREMIOS E FESTIVAIS

BAFTA 1967 (Nomeado a Mellor actor –Jean-Paul Belmondo–), British Film Institute Awards 1965 (Mellor director); Venecia 1965 (Nomeado ao Le n de Ouro)

SINOPSE

Ferdinand Griffon, alias Pierrot, foxe de Par s con Marianne, a mucama que contratou a s a esposa. A parella dir xese cara ao sur de Francia, pero a viaxe comeza a volverse perigosa en canto unha banda de g nsters cos que Marianne est  implicada, lles vai pisando o calca ar.

«Godard practica a acumulaci n, o curtocircu to, a colaxe, a reciclaxe, como ningu n m is no cinema»

Jacques Morice, TEL RAMA



TARIFA ESPECIAL

ENTRADA XERAL: 3 

ENTRADA REDUCIDA: 2,5 



PIERROT OTOLO

[Jean-Luc Godard, 1965]

“Quixen contar a historia da última parella romántica”

Entrevista a Jean-Luc Godard

Por Jean-Louis Comolli, Michel Delahaye, Jean-André Fieschi e Gérard Guégan

Cal foi o punto de partida de *Pierrot o tolo*? Unha novela do estilo de *Lolita* cuxos dereitos merquei dous anos antes. Primeiro pensei en Sylvie Vartan mais rexeitei a proposta. Daquela decidín facer *Banda aparte* (1964). Ao remate tentei retomar o proxecto, agora con Anna Karina e Richard Burton, mais nese momento el volve para Hollywood. Mudei de novo o cásting e engadín canda Anna a [Jean-Paul] Belmondo. Para a parella pensei máis en *Sólo se vive una vez* [Fritz Lang, 1937] ca en filmes coma *Lolita* [Stanley Kubrick, 1962] ou *La golfa* [Jean Renoir, 1931]. Quixen contar a historia da última parella romántica, os derradeiros descendentes de *La nouvelle Héloïse*, *Werther* ou *Hermann e Dorothea*.

Esta sorte de romanticismo desconcerta neste tempo, ao igual có de *La regla del juego* [Jean Renoir, 1939] no seu momento. Sempre nos desconcertamos por unha cousa ou pola outra. Un domingo pola tarde hai un par de semanas vin *Octubre* [S. M. Eisenstein, 1928], de novo, na Cinemateca. O público compúñase exclusivamente de nenos e nenas que ían ao cinema pola primeira vez e non parecían desconcertados pola montaxe veloz e sintética.

***Pierrot* en calquera caso vaille gustar á infancia. Poden soñar mentres ven o filme.** Porén a película foi prohibida para menores de dezaioito. A razón? A súa anarquía moral e intelectual.

Un sente que o tema do filme agroma no momento de comezar a rodar. Iso é o que é o cinema. A vida acada forma propia. Podes poñerte a gravar na rúa e de entre dez viandantes sempre vas reparar nalgúen, por unha razón ou outra. Unha muller con ollos fermosos, un home cun xeito particular. O tema agroma da propia persoa, a súa idea do mundo.

Semella que *Pierrot* ten lugar en dous tempos. No primeiro Karina e Belmondo viaxan pola Costa Azul, alleos ao cinema. E máis adiante coñecen un director ao que narran a súa historia e el failles comezar de novo. En certo xeito si, porque toda a última parte foi inventada no momento, mentres o comezo xa estaba planeado. Mais en xeral trátase dun filme totalmente espontáneo, feito sen preocupacións. Eu non tiña nada preparado dous días antes de comezar a rodar, apenas un libro e unha serie de localizacións. Sabía que tería lugar á beira do mar. O resto gravouse, sen máis, coma nos tempos de Mack Sennett. Ollando filmes antigos un nunca ten a sensación de que a xente se estivese a aburrir mentres traballaba, se cadra porque o cinema era unha novidade naqueles tempos. Mais hoxe óllase cara a este cinema coma se fose algo do pasado. Dise: «vin un vello filme de Chaplin, un vello filme de Griffith». Porén, ninguén di: «lin unha novela vella de Stendhal ou Madame de La Fayette».

A conto de que vén a cita de Velázquez no filme? Ao remate da súa vida Velázquez deixou de pintar formas precisas para pasar a pintar aquilo que ficaba por tras das formas. Isto recólleo Belmondo cando imita a Michel Simon, un non debe describir as persoas senón a relación que fica entre elas.

[...] Hai dous ou tres anos sentía que xa estaba todo feito no cinema, non podía ver nada que non se tivera feito antes. *Iván el terrible* [S.M. Eisenstein 1944-1958] e *El pan nuestro de cada día* [King Vidor, 1934] xa foran realizadas. Fai filmes sobre a xente, dicían, mais *Y el mundo marcha* [King Vidor, 1928] xa estaba aí, daquela para que repetir? Era, nunha palabra, pesimista. Logo de *Pierrot* xa non sinto iso. Un ten que filmar e falar sobre todo. Todo está por facer.

Entrevista publicada en Cahiers du Cinéma en outubro de 1965.
Tradución: Xan Gómez Viñas



Alliance Française
Santiago
de Compostela



Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME